



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE E A FUNDACIÓN “ERGUETE-INTEGRACIÓN” PARA O DESENVOLVEMENTO DE PROGRAMAS DE INCORPORACIÓN SOCIAL A PACIENTES CON TRASTORNOS ADICTIVOS. (PROGRAMA ITINERE)

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O xerente do Servizo Galego de Saúde, **DECLARA:**

Que o Servizo Galego de Saúde ten previsto formalizar coa Fundación “Erguete Integración” o instrumento convencional arriba referido con vixencia dende ao día seguinte ao da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2019.

Que o instrumento convencional ten por obxecto o desenvolvemento, por parte da referida Fundación, de programas e actividades do Programa Itinere, de seguimento e atención das persoas en tratamento unha vez excarceradas, no eido da incorporación social de trastornos adictivos, sendo a devandita entidade a responsable técnica e administrativa de xestión dos programas obxecto do convenio.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxectivo referido.

Que o instrumento convencional que se asinou fundaméntase no seguinte:

No propósito da incorporación sociolaboral da poboación galega con problemática de trastornos aditivos e que se atopa en réxime penitenciario. As actividades realízanse tanto dentro do propio centro penitenciario como fóra, cando remata a súa estadía de reclusión, ou ben en réxime de semiliberdade ou liberdade condicional. Neste programa realízanse itinerarios personalizados





tendentes a responsabilizar e apoiar á persoa no desenvolvemento das súas capacidades e potencialidades, axudando a paliar as posibles deficiencias que presenten nos ámbitos social, formativo e/ou xudicial, co obxectivo de potenciar a súa autonomía e desenvolvemento persoal e acadar unha completa integración social.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela,

